



Pondal no ano 1859. / Luis Sellier

AÍ VÉN O MAIO!

Eduardo Pondal (1835-1917), coetáneo, compañeiro e amigo de Murguía e mais de Rosalía (nados en 1833 e 1837, respectivamente), comeza a súa vida pública galega participando no Banquete de Conxo cando era aínda estudante na Universidade de Santiago, onde se licenciara en Medicina e Cirurxía en 1860.

Nese Banquete (2-3-1856) pronunciou un fervente e radicalmente democrático brindado poético xunto con Aurelio Aguirre e Luís Rodríguez Seoane. A partir dese momento, a súa presenza nos medios literario-culturais galegos foi constante e crecente, con participación en actos democráticos e con frecuente publicación de textos e obras poéticas até se converter nun dos referentes fundamentais, xunto con Rosalía e Curros, da literatura galega renacente.

Texto Manuel Ferreiro Fernández

QUEIXUMES DOS PINOS

Pondal comezou a publicar primeiramente en castelán, mais axiña se incorporou á literatura en galego: en 1857 dá a coñecer trece oitavas do poema épico *Os Eoas* e en 1858 aparece o seu primeiro poema lírico, *A campana d'Anllóns*, no xornal pontevedrés *El País*. Porén, por mor dos *Cantares Gallegos* rosalianos de 1863 Pondal intensifica a escrita en galego. É máis: seguramente foi a morte de Rosalía (acontecida no 15 de xullo de 1885) a que provocou o seu derradeiro poema en castelán, publicado o 18 de xullo no xornal santiagués *El ciclón* como homenaxe á escritora finada. A partir dese momento convértese nun autor monolingüe en galego, unha especie de escritor "profesional" que, por razóns de orixe fidalga e posición económica abastada, non precisa exercer a súa profesión de médico e pode consagrar a súa vida á creación dunha obra poética ao servizo da patria.

Na colección "Biblioteca Gallega", inaugurada en 1885 con *Los Precursores* de Murguía, saíu do prelo o volume *Queixumes dos pinos* en novembro de 1886, cando Eduardo Pondal (con 51 anos de idade) xa dispuña dunha longa traxectoria literaria. Morta Rosalía había un ano e ausente Curros (a traballar en Madrid desde 1883), Pondal consolida con esta obra a súa condición de escritor e proxéctase na sociedade galega como o grande poeta galego, o bardo admirado pola elite patriótico-intelectual que reconece nel a conciencia nacional expresada a través da poesía. Non é de estrañar, pois, que en 1890, catro anos despois, lle fose encargada a escrita do Himno.

Nos *Queixumes dos pinos* Pondal recolle e reelabora toda a súa poesía lírica en galego (ou vertida por el mesmo ao galego) publicada entre 1858 e 1885 en diversos medios (xornais, revistas, opúsculos etc.) e, xunto coa produción inédita, compón unha obra nova perfectamente estruturada (91 poemas). Igual que Rosalía dispuxo os *Cantares* co poema inicial (*Has de cantar, / meniña gaiteira...*) e

PONDAL, SABEDOR DE QUE A LINGUA É ELEMENTO ESENCIAL DA NACIÓN, PROCUROU DECOTE UN MODELO LINGÜÍSTICO E EXPRESIVO DE ALTÍSIMA CALIDADE

final (*Cantar, cantar, cantei / a grasia non era moita...*), Pondal conforma un conxunto articulado co poema nº 1 (*Polo baixo cantando / o boo bergantiñán / co'aguillada ó lombo / e garboso ademán...*) e co simétrico poema nº 90, en que o mesmo bergantiñán, agora vai *Polo alto cantando*. Así, o derradeiro poema do libro, nº 91 (*Da ruda pendente*), funciona como epílogo, mentres que, por súa vez, a posición central da obra é ocupada polo poema nº 45 (*Boandanza, saúde*), longo texto en que Pondal expón a súa teoría poético-política do destino da nación galega como líder da futura federación ibérica e da confederación ibero-americana.

Unha ampla formación lingüística

Pondal posuía unha ampla formación lingüística (sabía grego e latín, portugués, francés, italiano e inglés) e literaria, e bebeu en diversas literaturas, incluída a clásica greco-latina e a nosa poesía medieval (é autor do primeiro poema neotrobadoresco galego)... Porén, foi o descubrimento dos cantos de Ossian (suposto bardo gaélico do século III cuxos poemas "traduciu" o escocés James Macpherson) os que desencadearon e alimentaron a liña poética máis importante e transcendente na produción pondaliana. A partir do coñecemento dos poemas de Macpherson, a poesía de Pondal constrúe unha mitoloxía galega moi influída polos heroes de Ossian e do irlandés *Libro das conquistas de Irlanda* (*Leabhar Ghabhála*), creada a través da conversión dos topónimos das terras do poeta en nomes de personaxes lendarios (Gundar, Rentar, Maroñas, Margaride, Baltar, Brandomil etc.) por medio dun singular e simple mecanismo: cada topónimo indicaría o nome do personaxe enterrado nese lugar (guerreiras e guerreiros celtas, bardos...).

Deste modo, cos *eidós nativos* (Bergantiños, Xallas, Soneira e parte de Fisterra, isto é, a "xeografía pondaliana") transformados nun poético e real escenario a funcionar como metonimia de Galiza, Pondal compón unha obra complexa, en que a natureza é moito máis do que un



Praia da Barra desde o Monte Branco. / commons.wikimedia.org



Casa natal de Eduardo Pondal. / commons.wikimedia.org



Capa da primeira edición de 'Queixumes dos pinos'.

ornamento: representa a base obxectiva e física da nación, e os seus elementos naturais (a terra e o mar, as rochas e os monumentos megalíticos, o universo físico 'bergantiñán') emiten a voz que denuncia a submisión e prostración do pobo galego. O bardo Pondal atende e entende eses sons convertidos agora en voz poética que lle permite profetizar os futuros destinos e sinalar o camiño da redención nacional. A partir do pasado, reconstruído miticamente, nos *Queixumes* Pondal clama contra a presente servidume e proxecta o futuro da nación galega, desenvolvendo unha liña fondamente patriótica na nosa literatura.

O bardo da Pontecosa non se dedica só a recrear arqueoloxicamente un pasado mítico dos celtas-galegos en loita cos romanos-casteláns: a súa poesía é unha proposta de emancipación; o propio poeta afirma que os *Queixumes* "son un símbolo que revela un grande propósito latente: o rexurdimento e a re-

dención de Galiza; son, ademais, unha queixa, unha protesta, unha rebelión contra a abrasión e o despotismo casteláns por teren intentado borrar a lingua, os costumes, a alma galega". Esta liña de poesía patriótica verase confirmada nas alusións a líderes da liberación nacional de Irlanda (contra os ingleses) e de Grecia (contra os turcos), para alén de Polonia, Cataluña, Serbia etc. en composicións posteriores.

Outros motivos alén do celtismo

No entanto, a lírica pondaliana non se limita ao celtismo: incorpora e desenvolve outros motivos, entre os que se debe salientar a importante presenza de elementos tirados do mundo clásico helénico, en especial a épica da morte digna en combate, a ética espartana ou a arenga de ton militar.

Estas liñas poéticas dominantes en *Queixumes*, a bárdica e a helénica, conviven con outras menos representadas: os po-

emas de carácter biográfico, para alén de poemas bucólicos, elexíacos ou políticos xunto con composicións, de teor amoroso, caracterizadas pola delicadeza expresiva dos sentimentos, e aínda outras que presentan figuras femininas connotadas positivamente (en especial as guerreiras celtas).

Con efecto, en Pondal conviven dúas visións da muller, aparentemente opostas mais complementares no fondo: o amor platónico e a súa elevación mais tamén o tradicionalismo misóxino ou denigratorio, quer de orixe popular, quer de orixe clásica (bíblica, filosófica, literaria...).

Neste sentido, facer unha lectura de tipo biografista ou descualificar a obra pondaliana por un moi pequeno grupo de poemas carece de fundamento. Por máis que as escollas do poeta sexan significativas, a poesía pondaliana non debe ser xulgada de modo anacrónico e, moito menos, utilizar eses textos como escusa para escurecer a súa transcendencia e o seu brillo, pois Pondal é, como tantos outros, reo dunha tradición secular que se manifesta na literatura galega do seu tempo e aínda posterior.

A través de esquemas simples e con adxectivación sobria, mais sempre con rigor formal e con complexas elaboracións poéticas a pesar da axial dicotomía construtiva (celta vs. romano, masculino vs. feminino, forte vs. móldo...), Eduardo Pondal creou un universo poético onde o fundamental é a parte "política" e "revolucionaria" (en palabras do propio poeta).

Ademais, Pondal, sabedor de que lingua é elemento esencial da nación, procurou decote un modelo lingüístico-expresivo de altísima calidade: a partir dun traballo constante de revisión, corrección e elevación do idioma (testemuñado polos manuscritos conservados e polas correccións textuais sucesivas na procura dunha maior enxebreza e pureza lingüísticas), xunto con Rosalía e Curros, alicerzou o rexurdimento literario galego cunha obra clásica, que nos continúa a interpelar aos que compartimos a *nazón de Breogán*.



ESCOLMA DE TEXTOS

[1]

Cando no escarpado cabo
sae a fror da caramiña
ó cazador anunciando
a leda estación garrida,
cando da doce Suevia
ás doces praias amigas,
en nobelo xentil axuntadas,
chegan as lixeiras píl-laras,

entonces do bardo o espírito,
que soña antr'as uces irtas,
no formoso instrumento apoiado,
en donde o vento suspira,

mentres os fillos dos celtas
cumpren serva e innobre vida,
entonces o espírito invade do bardo
escura melancolía. (QP 35)

[2]

Feros corvos de Xallas,
que vagantes andás
en salvaxe compañía,
sin hoxe nin mañán,
quen poidera ser voso compañeiro
pola gandra longal!

Algo de vago e fero
do meu ser no profundo
eu levo, com'as brétomas
dos curutos escuros,
e unha ruda e salvaxe
incrinación dos seres vagamundos;

algo do rudo vento,
qu'azouta o cabo Ougal;
do salvaxe miñato,
que leva o vento soán
e con nobre ufanía
o esquivo mato rexistrando vai;

algo das vagas brétomas,
algo das uces altas,
algo dos libres corzos
e das feras bandadas
dos corvos vagamundos,
que s'espallan de Xallas polas gandra. (QP 62)

[3]

O abrigo de vento circio,
sentada ó pé dos valados
qu'hai nos Casás de Nemiña,
os cabelos pieitando
cun lindo pieite d'ouro,
que deslumbra ó miralo,
cantaba a fada Rouriz
cousas do tempo pasado:

"Eran Manoel Leis e Baña,
Barrentos, Lastres e os Paz;
eran Piñeiro e Leis Busto,
Ruíz, Canosa e Currás;

Arxomil, o da Redonda,
(nunca se m'esquencerán);
Pedro Rodríguez, Ocampo,
Lourenzo e Castro Romai;
Francisco, de Castiñeira,
Cristovo, morto en agraz;
Mauro Fernández, Menecho,
Manoel Romero e Pon...al".

Esta parte do seu canto
ben non se poído escoitar,
(sopraba o aire mui recio
nos valados dos Casás),
e, cal son de doce corda,
ó lonxe foi espirar.

"Lastres era de Muxía,
a areosa, a seca, a triste;
Leis era de Suxo e Ocampo
da terra de Villarmide;
Leis Busto, de Coucieiro,
Barrentos, de Morpeguite;
de Corcubión os outros
non eran fóra dos lindes;
os outros, ouh Bergantiños!,
todos ti nace-los viches.

Estes foran os rapaces
que nunca me saírán
da memoria, porque un tempo
soían ben alegrar
estes lugares qu'agora
mui sós e tristes están.

Ouh rapacetes rebertes,
de tenro corpo lanzal,
e tan libres com'os corvos
do facho de Touriñán,

nas c'lunas do meu palacio,
que baixo da terra está,
os vosos nomes garridos
para sempre hei de gravar!". (QP 26)

[4]

Topánome medio morto,
con unha crúa ferida
no esquerdo costado, mortal e profunda,
p'ronde inda o folgo respira.

Preguntáranm'os pasantes,
qu'iban p'la deserta vía,
preguntáranme quen fora
o crudo que me ferira.

Eu contestei sin alento,
como quen lle foxe a vida:
"Señores, quen me matou
fui unha fror de Muías".

"[E]stá tolo –se dixeno–,
este prob'home delira:
as frores teñen puñales

p'ra poder tira-la vida?".
E déixanome alí soo,
na miña triste agonía.

"Civiles, non a prendades,
porque estonces perdo a vida.
Se prendedes esa fror,
cortades a vida miña:
para as vosas duras cordas
ten as lindas mans mui finas.
Qu'a doce e garrida, qu'a morte me dera,
é causa da miña vida!". (QP 84)

[5]

Penedos de Pasarela,
cando vos vexo, penedos,
suspiro d'amor por ela. (QP 15)

[6]

As almas escravas,
d'ideas non grandes,
van pensando mil cousas femíneas,
molentes e infames;

mil soños forxando
qu'o ánimo agobian,
arrastrando infamantes cadeas,
cal brandos ilotas:

espíritos brandos,
esp'ritos muliebres,
sedentarios, que lenta consome
e mórbida frebe.

Mais a alma do bardo,
enérxica, ousada,
qu'audaz libertade
tan soo soña e ama,
vai pensando en propósitos férreos
qu'ergueran a patria! (QP 70)

[7]

A lingua tiveran
por lingua d'escravos;
esqueceran os patrios acentos,
suidosos e brandos.

Dos propios acentos
tiveran vergonza;
de cautivos falaran palabras,
de servos e ilotas.

Deixaran os doces
acentos xocundos
por estrañas palabras de servos,
ignaros e escuros.

A nai, afrixida
da escura miseria,
os propios tomara
por xente estranxeira,
e espantada escuitara dos fillos
a plática serva. (QP 78)

[8]

Non cantes tan tristemente,
probe e desolada nai;
non lle cantes cantos brandos
pr'adormecer o rapaz,
ond'está a cova do sono,
no céltico carballal.
Cántalle cantos ousados,
qu'esforzado o peito fan;
cántalle o que xa cantara
o nobre bardo Gundar:
"A luz virá para a caduca Iberia
dos fillos de Breogán...".
(QP 67)

[9]

Da ruda pendente,
soantes e altivos,
eu ben sei o que din vosos vagos,
monótonos ritmos.

Os vosos agudos,
harpados arumes
dun poema as ardentes estrofas
parece que zumben.

Cal recios acentos
d'escura sibila,
de pasados, futuros destinos
a alma adiviña,

así como cousas
da boa Cernagora,
dos oprobios da serva Mesenia,
dos parias e ilotas,
dos servos da gleba,
dos pobos ignaros,
de nobres vinganzas
do rudo Espartaco,
da fatal servidume da terra,
dos eidos escravos!
(QP 91)

[10]

Cando xazan do cisne
os febreiros desposos,
sobre do verde da ribeira escura,
e xa non s'ouza o canto harmonioso,

dádelle sepultura
no promontorio aquel, areoso e vougo,
onde o Anllóns, o seu nativo río,
(qu'el máis amou de todos),
da peregrinación antiga súa
e do longo traballo acha repouso.

Que diga o mariñeiro,
rudo fillo do Osmo,
ó entrar pola Barra
volvendo o escuro rostro:
"Alí xaz o que fora
noutro tempo cantor do eido noso".
(QP 58)